



INFORMACIÓN SOBRE AUTORIZACIÓNS DE VERBENAS E FESTAS POPULARES

Respecto das preguntas máis frecuentes que se veñen formulando por parte dalgúns concellos sobre esta materia, con motivo da entrada en vigor da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, cómpre facer as seguintes consideracións:

1.^a O título III da citada lei establece a regulación integrada do exercicio de actividades en Galicia e dedica o seu capítulo III aos espectáculos públicos e actividades recreativas, no cal regula o réxime para a súa autorización.

2.^a Consonte o exposto, o réxime de intervención administrativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas queda regulado do seguinte xeito:

-Réxime xeral: comunicación previa (artigos 23 e seguintes e 40 da Lei 9/2013).

-Supostos suxeitos a licenza ou autorización (artigo 41), nos que se inclúe a celebración de espectáculos ou actividades que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.

3.^a A exixencia de licenza municipal xa viña establecida no Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas (Real decreto 2816/1982, do 27 de agosto), cuxo artigo 48.1 dispoñía que a súa obtención era preceptiva para “*[...] a entrada en funcionamento das instalacións eventuais, portátiles ou desmontables e en xeral para as pequenas diversións que se dean ao público, como feiras e verbenas, en barracas provisionais ou ao aire libre...*”. Trátase, en definitiva, de garantir que o escenario ou estrutura móbil reúna as condicións de seguridade para o desenvolvemento da actividade que se pretende realizar, consonte a normativa aplicable.

4.^a A acreditación do cumprimento da normativa en materia de espectáculos públicos que lles resulte aplicable corresponderalle aos organizadores das verbenas e festas populares, sen prexuízo do disposto no artigo 30.2 da Lei 9/2013: “*[...] As actividades municipais e as obras necesarias para o seu exercicio entenderanse autorizadas polo acordo de aprobación do órgano competente do concello, logo da acreditación no expediente do cumprimento da normativa*”.



5.^a Respecto do resto da documentación mencionada no artigo 42 da Lei 9/2013 (ruídos, plan de emerxencia, etcétera) cómpre ter en conta que só deberá achegarse a que resulte exixible consonte a súa normativa específica en función das características da actividade que se pretende desenvolver. Neste senso, xa que logo, esta norma legal non vén engadir uns maiores niveis de exixencia en canto ao cumprimento dos requisitos que establece, senón a plasmar os que xa eran necesarios como consecuencia da aplicación da normativa que lle é propia (Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, Real decreto 393/2007, do 23 de marzo, polo que se aproba a Norma Básica de Autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicados a actividade que poidan dar orixe a situacións de emerxencia, Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia, etcétera):

-En canto á exixencia dun proxecto técnico (“[...] *entendido como o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o obxecto delas e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable...*”), deberá modularse —consonte a definición transcrita e en cada caso concreto— o seu contido necesario en función da entidade da actuación a desenvolver. Así, pois, podería ser suficiente cun informe técnico/memoria da actividade que se vai realizar na que consten os seus aspectos básicos que lle permitan ao concello pronunciarse sobre a procedencia da súa autorización (actuación musical, baile, concerto (...), aforo, horario de inicio e peche da actividade (...). E, en todo caso, o informe técnico deberá reflectir que o escenario ou estrutura móbil reúne as condicións de seguridade para o desenvolvemento da actividade que se pretende realizar, consonte a normativa aplicable (Norma UNE-EN 13782: 2007 Estruturas temporais. Carpas. Seguridade). Este requisito —o informe emitido por facultativo idóneo sobre as condicións de seguridade— xa viña sendo exixible —desde 1982— polo citado Regulamento xeral de policía de espectáculos públicos e actividades recreativas, cuxo artigo 48.2 dispoñía: “[...] *Nos supostos en que as diversións ou recreos a que se refire o parágrafo anterior requiran da montaxe de casetas, taboados, ou outras construcións ou estruturas ou da instalación de dispositivos mecánicos ou electrónicos potencialmente perigosos, uns e outros terán que seren recoñecidos previamente por facultativo idóneo, que emitirá o oportuno informe sobre as condicións de seguridade que os mesmos reúnan para o público...*”.

-Polo que atinxe ao plan de autoprotección, só será exixible consonte o disposto na súa normativa específica: Decreto 171/2010, do 1 de outubro, sobre plans de autoprotección na Comunidade Autónoma de Galicia. En concreto, o artigo 3º fai mención ao Catálogo de actividades e centros obrigados a realizar plans de autoprotección, que se insire como anexo I deste decreto (Catálogo de actividades) e incorpora (dentro do apartado 1.



Actividades con regulamentación sectorial específica) as actividades de espectáculos públicos e recreativas (alínea d) nos seguintes termos: “[...] *Lugares, recintos e instalacións en que se celebren os acontecementos regulados pola normativa vixente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas, sempre que cumpran coas seguintes características:*

En espazos pechados:

Edifícios pechados con capacidade igual ou superior a 2.000 persoas, ou cunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m.

Instalacións pechadas desmontables ou de tempada con capacidade ou aforo igual ou superior a 2.500 persoas.

Ao aire libre: en xeral, aquelas cunha capacidade igual ou superior a 20.000 persoas.”

-No tocante á outra documentación a presentar (relativa a ruídos, quentamento, contaminación acústica, etcétera) deberá entenderse que será a exigible pola súa normativa específica en función das características da actividade.

-O documento de responsabilidade técnica deberá certificar que o desenvolvemento da actividade que se vai realizar é conforme co contido da autorización que se lle outorga (aforo, límite ruídos, etcétera) con base no informe técnico/memoria presentados.